

PROBLEMAS XENÉTICA

1. Os alelos P e P' rexen o desenvolvemento das plumas das galiñas. O xenotipo PP determina galiñas coas plumas moi rizadas, o P'P' pouco rizadas e o PP' medianamente rizadas. Observa a imaxe e describe o que sucede cando se cruzan un galo de plumas moi rizadas cunha galiña con plumas medianamente rizadas.
2. Se cruzamos unha galiña e un galo, ambos de cor a cadros brancos e negros. Cal é o xenotipo e fenotipo dos descendentes?
3. María e Xulia tiveron un bebé no mesmo hospital e no mesmo momento. As probas sanguíneas revelaron que Xulia é do grupo AB e a súa parella do grupo O. María e a súa parella son do grupo B. Xulia sospeita que puido haber un cambio de bebés no hospital xa que o seu fillo é do grupo O e o de María do grupo A. Houbo realmente un cambio de bebés?
4. Unha parella ten tres fillos: un do grupo O, outro do grupo B e o terceiro do grupo AB. A muller é do grupo B e o marido do grupo O. É isto posible?
5. A cor de pelo do visón pode ser de cor negra, platino (azul agrisado) ou zafiro (azul claro). Un criador, para tratar de comprender de que dependía esta variedade de cores, fixo os seguintes cruzamentos:
 - Visón negro x Visón zafiro: todos os descendentes son negros.
 - Visón negro x Visón zafiro: a metade dos descendentes son negros e a metade de cor zafiro.
 - Visón negro x Visón zafiro: a metade dos descendentes son negros e a metade de cor platino.
 - Visón zafiro x Visón zafiro: todos os descendentes son de cor zafiro.
 - Visón platino x Visón zafiro: a metade dos descendentes son de cor platino e a metade de cor zafiro.

Como explicarías estes resultados?